

NOROCAI

Libro Primeiro
A illa durmida

Begoña Paz



BAÍA EDICIÓN S



Begoña Paz.

Coruñesa do 65, de moi cativa viviu no Barrio das Flores, onde a súa avoa Maruja tiña unha librería-papelería-tenda de las. Alí leulle todos os libros, papoulle todas as lambonadas e desaproveitou toda oportunidade de aprender a calcetar. Agora ten aborrecidas as gominolas pero segue co mesmo amor pola lectura, o que máis bota de menos da infancia son as longas tardes no sofá, devorando libros, enciclopedias, tebeos, todo o que caese nas súas mans. A vida do adulto é o que ten, moitas obrigas e pouco sofá.

Sempre quixo ser escritora, aínda que non se pode dicir que fixese moito nos seus anos mozos por acadalo. Era unha serodia estudante de Psicoloxía cando viu na universidade o anuncio dun taller literario, e axiña cambiou a estatística e a antropoloxía polos puntos de vista do narrador e os xogos coa linguaxe.

A primeira oportunidade neste mundo da publicación lla deu Xerais ao incluíren un dos seus relatos na escolma *Narradoras*, publicada no 2000. Logo veu *A Ferida*, un libro de relatos xa de seu que a mesma editorial lle publicou no 2004. Ultimamente adica o seu lecer a loitar coa poesía e cunha novela pequerrecha que sempre –di– está a piques de terminar. Gustaríalle deixarlle en herdanza aos seus fillos un feixe de libros e un sofá con vistas ao mar.

A Álvaro, Jordi e Jorge. Para eles foi escrito.

A Chus e Rosa. Con elas comezou o conto.

A Andrés e Mercedes, que xogan con Caula.

Ao meu sobriño Luis, pícaro de enormes ollos.

*A Andrés, Eugenia, María, Mario, Pepe e Ramón,
que o leron cando aínda non era.*

*Norocai, Norocai, fermosa balea branca por sempre
varada nun océano de tebras! Norocai, os teus bos-
ques son vida, e vida ofrécesnos en toda a súa bele-
za, entre caulas e windis, estirblos e retilos, baixo
cuxas frondosas copas refúxiase o camiñante do teu
eterno verán!*

Capítulo 1.

Onde se describe seriamente a Norocai

Pechade os ollos e imaxínade un tempo remoto, perdido na memoria dos astros, no que o mar lle declarou a guerra á terra, a súa eterna inimiga. A terra, sorprendida polo inesperado ataque de quen tras tantos anos de paz cría xa o seu aliado, mostrou-se incapaz de frear o pulo das augas que, metro a metro, invadiron coas súas húmidas gadoupas paisaxes acostumadas ao aloumiño do vento, ás raiolas, ao bulicioso son da vida en todo o seu esplendor. Batalla tras batalla o mar foi gañando a guerra, ata que non quedou máis que un único e pequeno continente, un pecio abandonado nun océano de tebras. Entón o mar, aburrido quizais de tan doada vitoria, detívose nas súas beiras, e alí ficou ameazador, talvez rumiando un derradeiro asalto, máis adiante, ao seu xa vencido contrincante. Así morreu a terra coñecida e naceu Norocai, un náufrago a piques de afogar pero aínda coa esperanza posta no rescate.

E a vida seguiu o seu curso en Norocai. Como a vida pide, esixe vida, pronto se esqueceu o desastre; apenas uns séculos máis tarde todo se reducía a un relato fantástico, un mito transmitido xeración tras xeración para terror dos nenos e divertimento dos seus maiores.

Non resultaba difícil divertir os nativos de Norocai, nada afeitos a ocupar o seu tempo en pensamentos desagradables, xente apracible que se limitaba a recoller os moitos dons cos que a natureza dotara a terra na que vivían. Que ou quen podería ensombrecer o luminoso panorama que os rodeaba? As árbores inclinábanse baixo o peso dos seus froitos, gustosas hortalizas e tubérculos encontrábanse ao alcance da man de todo aquel que se molestase en recollelos. Fermosas fragas cubrían gran parte da superficie continental, fragas espléndidas de windis e caulas, taucos rexos, bicoyos xigantescos. Tal abundancia de peixes había nos ríos que atravesaban Norocai na súa carreira cara ao mar que as súas escamas, ao reflectiren as raiolas, lle daban á superficie da auga un resplandor de prata brunida.

Do mesmo xeito no que o océano abrazaba a Norocai, Norocai cinguía no seu seo dous grandes lagos como dous inmensos ollos: ao oeste, o lago Arxénteo, alimentado polos mananciais que descendían dos montes Xearentos, en cuxas beiras vivía boa parte da poboación; ao leste, o lago Atrabile, ateiga-

do dun líquido visguento e escuro que parecía manar do mesmo corazón das rochas.

Cara ao sur o continente estreitaba nunha complexa rede de ríos que descendían das montañas Zirna formando unha barreira pantanosa coñecida como Brumaria, un territorio inexplorado que se supoñía inzado de míticos perigos. Máis ao sur, Finirius, da que nada se sabía; ninguén na historia de Norocai conseguira atravesar Brumaria e volvera para contar que había máis alá.

E logo o mar, cinguindo a Norocai nunha sinistra aperta. Poucos norocaianos, homes ou mulleres, ousaban internarse nel. Como unha burla da memoria permanecía nas xentes de Norocai un temeroso respecto polo mar, aínda que non lograsen lembrar a orixe do seu medo nin o recoñecesen nos contos dos seus anciáns. Só os máis afoutos se atrevían a pescar dende pequenas plataformas de madeira que flotaban a poucos metros da beira, atadas a postes ben afundidos na area das praias, e dende as que con só botar unha tanza capturaban unha gran cantidade de peixes.

Claro que non todo era inconsciente abundancia en Norocai. Esta maravillosa terra era gobernada por un só home, Cordón, se se podía falar de goberno no paraíso. Mais, como chegara Cordón a ser rei? Que pregunta máis parva. Acaso o seu pai non fora rei, como antes o seu avó, e antes del o seu bisavó, e así ata se perder na noite dos tempos norocaianos? Era o rei, e basta. E se había un rei tiña que haber

algunha razón, do mesmo xeito que o Sol brillaba no ceo para que os froitos madurasen e as Augas Tenebrosas termaban de Norocai para que non se afundise tras o horizonte.

Cordón era un rei de bo carácter –aínda que algo teimudo–, cunha única paixón, a pesca. Na beira do lago Arxénteo o seu avó construíra a Real Casa, un enorme pazo de granito coñecido polos cortesáns como a ReCasa. Todos os días se levantaba ao amencer do seu leito, se vestía co seu máis esbandallado calzón de pesca e se somerxía nas tépedas augas do lago. E alí permanecía ata xa avanzada a mañá, vixiado dende a ribeira por un acompañamento de aburridos cortesáns cunha única misión, aplaudir as habilidades reais, que en verdade eran moitas –campión do reino en pesca a dúas mans, creador da pesca con pé, de gran rendibilidade na captura de cangrexos– e depositar en cestas os peixes que o rei ía capturando, cestas que axiña serían repartidas entre eses mesmos cortesáns que, nun alarde de xenerosidade que os honraría, protestarían sinalando outro cortesán moito máis merecente de tan escamudos manxares.

Pero o rei tiña entre mans algo máis que pescado. Home sensible e non carente de atractivo, namorouse da máis fermosa moza da corte, unha loura estupenda chamada Serea. Durante un tempo dedicou menos tempo á pesca, ocupado como estaba na conquista de tal beldade. “Serea, Serea, que fermoso nome!”, cantaruxaba o rei Cordón, as calzas

aínda húmidas, mentres perseguía á pouco entusiasmada dama polos escuros corredores da ReCasa. Celebradas as vodas reais, Cordón axiña volveu mergullarse no lago. Non foi un matrimonio moi feliz. Á guapa Serea non lle gustaba nada, pero que nada, a desmedida paixón pola pesca de Cordón. “Ule tan mal!”, comentaba do seu real esposo a todo aquel que se prestase a oíla. Odiaba a Real Casa, e non tardou moito en convencer ao rei para que lle construíse un pequeno palacete no mesmo centro dos xardíns reais. Ela era nova, ela era fermosa, amaba as flores, os paxaros, a luz do sol! Podía o rei anoxarse coa súa querida raíña porque non quixese vivir na ReCasa, escura e fría, co seu eterno ulir a peixe? Non, Cordón era incapaz de tomar a mal nada do que fixese a súa Serea. “Que graciosa é a miña raíña! Ten un nariciño tan delicado! E que corpo, cabaleiros! Máis branco có dunha lura!”.

“A raíña está embarazada!” A feliz nova correu de boca en boca ata o derradeiro confín de Norocai. Mesmo Serea parecía leda, soñando quizais con se trasladar definitivamente ao seu refuxio no xardín, cando proporcionase un herdeiro ao reino. Mes a mes o ventre de Serea medrou, ata que unha noite un berro estarrecedor anunciou aos cortesáns a chegada do herdeiro de Norocai. O rei non tardou en saír ao gran balcón da ReCasa, como ordena o costume, para amosar á corte o seu herdeiro. “Oh! Pero... se son dous!” A raíña tivera xemelgos!

Capítulo 2.

Os xemelgos reais

Abdón e Ordón, os xemelgos reais, foran escasamente bendicidos no seu físico pola natureza. Tiñan dous brazos, dúas pernas, un par de ollos colocados cun certo xeito na cara, pero o demais... Eran terriblemente feos, si señor: o cabelo louro xa escaso dende a súa máis tenra infancia; unhas faccións duras e irregulares, como talladas a cicel pola man dun pouco dotado aprendiz de escultor; a pel grosa e dun matiz verdoso; o peito afundido, as pernas cambeiras.

A raíña, que nun primeiro momento non quixera nada con tan horrorosos meniños, encariñouse con Abdonciño, cando este, xa un raparigo duns dez anos, se negou por primeira vez a mergullarse co seu pai e irmán. “Este si é fillo meu!”, dixo, sen querer caer na conta de que os dous nenos eran xemelgos idénticos. Ante a escasa predisposición de Abdón

para a natación, o rei deixou de insistir para que os acompañase. Ordonciño, en cambio, pasaba máis tempo na auga que fóra dela, para orgullo do seu pai. “Nada coa elegancia dun peixe!”, era o comentario unánime na corte. “Posúe o mesmo encanto que un linguado”, foi o máis agradable que se lle escoitou á raíña. Mentres, Abdón rumiaba o seu despeito nos brazos da súa nai. O príncipe odiaba nadar, si, sentíase inseguro braceando zoupón na auga, nada que ver co movemento case perfecto de mans e pés do seu pai e irmán. Ademais, o contacto coas algas de auga doce, o rozamento coas canas que medraban preto da beira anoxábao. Pero pescar... Pescar era outra cousa. O pracer de perseguir á presa, cravarlle o arpón no punto exacto baixo a gala, a nubeciña de sangue que manaba da ferida, era todo tan excitante. Por desgraza toda aquela diversión semellaba creada só para deleite do seu irmán. Un motivo máis que dabondo, pensaba Abdón, para odialo de todo corazón.

Os anos pasaron, como é o seu costume, con desigual fortuna para uns e outros. Os reis envelleciron, os príncipes medraron. Un día, o xa ancián rei Cordón, que se resistía a abandonar a súa inmersión matinal no lago a pesar da súa avanzada idade, mergullouse na procura de carpas douradas, o seu almuerzo favorito. Ninguén o volveu ver con vida. “Unha morte fermosa”, comentaron os seus súbditos, “para quen amaba tanto o lago”.

A raíña, para que nos imos enganar, non chorou moito o seu home. Se algo sentiu foi alivio. Non máis troita ao xantar, non máis ensalada de cangrexo á cea. Tiña outras preocupacións. O futuro de Abdón, do seu “único” fillo, estaba en xogo. O testamento do defunto monarca era claro:

“Eu, Cordón, Rei de Norocai, Amo do Universo Coñecido, Soberano do Inexplorado, Gran Gardián das Augas Tenebrosas, proclamo ante os meus amados súbditos que aínda que non teño ningún desexo de abandonalos sei que chegará o momento no que a miña vida se apague, deixándoos orfos dos meus amorosos coidados.

Para cando ese día chegue, quero dispoñer o seguinte: Cada un dos meus fillos herdará a metade do reino. Será o Consello Real, presidido pola miña amada esposa, o que se encargue de que a repartición se faga de tal xeito que ningún dos príncipes quede insatisfeito da súa fortuna.

Fillos, amádevos e amade a Norocai. Esposa, perdóame se en algo te ofendín. Ámovos. Norocaianos, levádeme sempre na memoria! Ese será o meu consolo na hora do esquecemento”.

Que inxusto!, indignouse a raíña. Dividir o reino en dúas partes iguais! Definitivamente o finado estaba tolo. Non se decatara de que só Abdón, o “xusto” Abdón, o “xeneroso” Abdón estaba preparado para gobernar? Tan cego estaba que non era capaz

de ver os defectos dese burrán que tiña por favorito? Non, non podía consentilo, pero... Como burlar os designios do defunto?

Así, con tan imparcial presidencia, reuniuse o Consello Real. Horas durou a reunión, horas durante as que os príncipes esperaron diante da porta pechada da Sala do Trono. A tranquilidade que amosaba Abdón acentuaba o nerviosismo de Ordón, que non lograba quitar da cabeza a idea de que a súa nai tentaría por todos os medios favorecer ao seu xemelgo.

Á fin o Consello Real recibiu aos príncipes para comunicarlles a súa decisión:

“Nós, Consello Real de Norocai, reunímonos baixo a presidencia da nosa moi amada raíña co fin de dividir o Reino en dúas partes iguais. E Nós decidimos:

Dende o cabo Frontalis, ao norte, ata Brumaria, ao sur, dividirase o reino en dúas partes iguais. O oeste do reino, dende a liña fronteiriza así trazada ata as Grandes Augas Tenebrosas corresponderalle ao príncipe Abdón, mentres que o príncipe Ordón recibirá todos os territorios situados ao leste desa fronteira.

Esta é a Vontade Real que Nós cumprimos. Así Nós decidímolos, e así dividirase por Nós a nosa amada Norocai”.

“Non pode ser!”, berrou Ordón, “Meu pai, o rei, deixou claro no seu testamento que o reparto debía facerse de tal xeito que ningún dos seus fillos

quedase insatisfeito da súa fortuna. E eu, nai, estouno! Ao meu irmán correspóndelle o lago Arxénteo e a ReCasa, mentres que toda a miña fortuna se reduce ao inmundo lago Atrabile. Esixo xustiza!”.

“Reclamas xustiza, chámame inxusta? Acaso estás a dicir que quero favorecer o teu irmán? Cumprín o legado do teu pai ao dividir o reino en dúas partes iguais, non si? Teño eu a culpa de que o teu lago non teña peixes, de que o teu reino apesto? Ah, vivir para escoitar tal aldraxe! Vaite, fillo ingrato. Vai tomar posesión do teu reino!”.

Ordón non tivo máis remedio que retirarse ao seu reino, o Reino do Leste, indignado polas intrigas da súa nai e do seu irmán. E Abdón, aconsellado pola súa nai, que temía que o descontento Ordón tentase algo contra el, levantou un valado de madeira ao longo da fronteira co fin de separar fisicamente os dous reinos. Así foi como o Reino do Leste e o Reino do Oeste seguiron camiños diferentes.

Pois ben, co rei Abdón comeza a nosa historia... quince anos despois.

Capítulo 3.

O Gran Mago

—O Rei? Pois... Si, debe estar co real provedor de peixes. Siga ese carreiro, non ten perda –informou o garda ao moi novo mensaxeiro, pois era un mensaxeiro, ninguén o dubidaría ao ver o seu elegante calzón de encaixe dourado.

A senda discorría entre silvas e matagueiras, para rematar bruscamente á beira do lago. Non se vía ninguén polos arredores. É dicir, ninguén importante. Sentado na herba, no mesmo bordo da auga, achábase un individuo ataviado cun calzón de tela basta de cor agrisada, incapaz de ocultar o glorioso bandullo que de seguro lle impedía admirar os seus pés descalzos, descaradamente sucios. Un raro bigotiño adornaba, aquí e alá, o seu beizo superior. O home, con toda seguridade un vagabundo, sostíña entre as mans unha vara cunha fina corda atada no seu extremo. A corda afundíase nas augas do lago apenas a un par de metros da beira. O men-

saxeiro ollou cara a un lado, logo ao outro. Da comitiva real, nin asomo.

—Ei! Bo día. Estou... –para que lle preguntar por Abdón, pensou o rapaz, de certo que o tipo non sabería recoñecer un rei aínda que o tivese diante—. Estou buscando un grupo de xente moi ben vestida. Víchelos por aquí?


O individuo lanzou unha certa cuspidela aos pés do mensaxeiro, que saltaricou nun van intento por esquivalo.

—Pois non, non os vin. De todos os xeitos a xente non adoita vir por aquí tan requintada –sinalou con malicia o calzón esgazado polas silveiras do camiño—. Non resulta práctico.

O neno decidiu ignorar o comentario de semellante pailán.

—Estás seguro? Dixéronme que os atoparía aquí. Eu son o mensaxeiro Dardo –dixo, tentando revestirse da dignidade do seu honorable cargo, co fin de borrar a burla dos ollos do outro—. Traio unha mensaxe especial para o Amo do Universo Coñecido, Soberano do Inexplorado, Gran Gardián das Augas Tenebrosas, o noso amado rei Abdón.

—Abdón? –o vagabundo botou unha áspera gargallada—. Telo diante, paspán! Ti es un mensaxeiro? Un babilio, diría eu! Como ousas interromper a miña entrevista co real provedor de peixes? Non sabes que está prohibido?



O neno mirou, azorado, en derredor. El e o rei, o rei e el, non vía ninguén máis. Onde estaba, pois, o real provedor? Un e un, tres, seguro, sobre todo se o dicía un rei. Dubidou só un intre antes de se poñer de xeonllos perante tan desleixado monarca, en sinal de respecto e submisión.

—Síntoo, maxestade! Non vos quería interromper, nada máis lonxe da miña intención, pero tráeme ata aquí unha misión de grande importancia! Por suposto que os recoñecín dende o primeiro momento, pero... Onde está o Real Provedor?

—Pois aquí! Onde vai estar senón, rufián? —berrou o rei, axitando a longa vara que sostiña entre as súas mans. Tiñan certa elegancia natural esas mans, decatouse o rapaz. Mirou ás súas, tan acicaladas. Quizais se deixase medrar as unllas e as untase cun pouco esterco, quizais así adquirisen a viril naturalidade das mans do rei—. Este é o real provedor! —cun brusco xiro de ambos os pulsos o rei sacou do lago a corda atada á vara. Algo húmido e viscoso golpeou a perna do mensaxeiro. Aos seus pés axitábase, no seu inútil afán de se liberar do gancho que lle atravesaba o bico, un peixe de bo tamaño.

* * *

—Un imprudente! Fuches un imprudente! Só levas unhas horas na corte e xa cometiches erros imperdoables. Imperdoables, si señor! —O ancián Chifre axitou unha man trememente diante do rostro do seu sobriño Dardo, mensaxeiro en misión especial—.

Como pode un cabaleiro, un empregado real, non recoñecer o seu rei, eh? Confundilo cun vagabundo, nin máis nin menos! Raparigo, ti estás cego. Cego! E o do provedor real de pescados, eh? Todo o mundo coñece na corte o enxeñoso trebello que inventou o noso amado rei. Fabuloso, verdadeiramente fabuloso! O rei non sabe nadar, ao rei gústalle pescar, o rei idea o provedor real! E pensar que entraches na Escola de Mensaxeiros grazas ás miñas recomendacións! Vas ser a miña perdición!

O pequeno remexeuse, inqueda, no seu incommo asento, un bloque de granito de superficie máis que irregular que compartía co seu vello acompañante.

—E que conseguiches coa túa lixeireza, eh? O rei está enfadado, o rei está furioso, o rei está de moi mal humor! E que quere iso dicir, eh? Que pola túa culpa, pequeno ignorante, estamos aquí, esperando que o noso amado rei nos chame á súa presenza para castigar a túa insolencia. Que será de min, un pobre ancián, se perdo o favor real!

As portas de madeira que separaban a escura antesala onde se encontraban da sala do trono abríronse para dar paso a un musculoso soldado, un oficial de alta graduación, deduciu Dardo da cor berenxena subida das súas calzas.

—“Aaaaatención! Leváaaantense! Póoooñanse detrás de min! Síganme! Un, dous! Un, dous! Aaaaalto !” Así, a paso lixeiro, o soldado conduciu a

tío e sobriño perante O Noso Amado Rei Abdón que, acomodado no seu trono, ollaba a escena con evidente fastío.

—Abúrresme, Tiptis, cos teus estúpidos berriños. Díxenche que mos trouxeras, non que os torturases antes de tempo –o soldado inclinou a cabeza e situouse protector á dereita do monarca–. Vello Chifre, díxeronme que fuches ti o que recomendou este inútil para o servizo real. É iso certo? –O rei botoulle unha ollada furibunda ao ancián, que encolleu o seu gastado corpo en previsión dun hipotético golpe–. Contesta! Ou é que a idade che afectou á lingua?

—N-nn-ooo-n, ma-maxestade, conservo o don da palabra, que todos os días utilizo para bendicir O Voso Amado Nome –axeonllouse ante o rei unindo as mans nunha súplica–. É o fillo da miña sobriña, eu recomendeino, é certo, pero hei dicir no meu descargo que me tiña totalmente enganado. Se soubese o toutizo que era o rapaz xamais me atrevese a poñelo ao voso servizo! Ofendervos dese xeito!

O neno levantou o furabolos.

—Maxestade, se vós me permitises, eu podería...

O rei cortou o ar coa man, imponéndolle silencio.

—Cala, burricán! Se quixese a túa opinión, xa cha pedise –dixo, volvéndose de novo cara ao ancián–. Explícame se podes, vello, como é que o

teu recomendado sobriño non sabe recoñecer un rei cando o ten diante.

—Maxestade, perdoádeo, só ten dez anos, é un raparigo ignorante que vén de pasar moito tempo fóra do reino en misión especial ao servizo da vosa maxestade! Temo que se lle esqueceron as boas maneiras que aprendeu nesta corte. Pero non é malo, non. Un pouco toleirán, iso si. Impetuoso, quizais. E un paspán, claro está. Pero non é malo. A verdade é que nunca tivo moita memoria para as caras. Podería contarvos sobre iso unha anécdota que...

O rei fixo un aceno de impaciencia.

—Farías mellor, vello, en preocuparte polo teu peleslo, que che aseguro está en serio perigo. Non creo que te decates da gravidade...

—Meu rei, só...

De novo Abdón cortou de raíz o intento do pequeno mensaxeiro.

—Inútil e aínda por riba desvergoñado! Non ves que estou a falar co teu tío? Contéstame, vello. Que clase de misión lle puido ser encomendada a semellante panoco? –bufou o monarca, intrigado.

—Unha misión realmente importante, maxestade. Atopar e traer á corte ao Gran Mago!

O rei saltou no trono, moi excitado.

—Estúpido! Pasmón! –farfallou, dirixíndose ao mensaxeiro—. Por que non o dixeches antes? Fala!

Veú contigo? Si? Corre, traelo ante min, se en algo aprecias a túa cabeza! Levo meses, anos!, esperando a ese maldito mago.

O neno marchou ás carreiras para volver un chisco despois seguido por un homiño repoludo, a cabeza rematada por unha espesa mata de pelo roibo.

—Aquí tedes o Gran Mago! —anunciou Dardo, facendo unha ampla reverencia en honor do homiño que semellaba alleo á categoría do persoeiro perante do que se encontraba. Dun saquiño atado ao seu esbandallado calzón negro tirou unha gran cabeza de allos, á que deu, sen se molestar en pelala, unha boa dentada. Ofreceulle ao monarca o que dela quedaba. O rei rexeitouna, anoxado.

—Non parece gran cousa. Espero que os teus poderes superen a túa estatura. Sabes por que te mandei chamar?

O pequeno Gran Mago negou coa cabeza.

—Como é ben sabido, a raíña e mais eu non temos fillos. Intentámolo todo, dende curas de cánticos a baños de pés nas Augas Tenebrosas —o rei arreguizouse de xeito visible—. Preciso a túa axuda, mago. Necesito un herdeiro. Si, seino, fan falla nove meses para xestar un neno. Intentarei ser paciente. Por suposto, serás magnificamente recompensado —fixo unha pausa, tentando ler no inescrutable rostro do mago—. Pide ti mesmo o prezo.



A voz do Mago, estrañamente afrautada, lembraba o rechouchío dun paxaro exótico:

Maxestade, eu pouco pido:
Un fogar na vosa corte,
un axudante sen medo,
e un xardín cheo de flores.

Se estes dons vós me outorgades
podo prometervos, Rei,
que antes do que vós pensades
aumentara a vosa grei.

—Carafio! Fala en verso! —comentou o Rei, sorprendido, nun discreto aparte co xefe da garda.

—Maxestade, que bromista sodes! Finxir que non sabedes que os grandes magos falan en verso! Case sempre en quartetas, maxestade.

O rei volveuse cara ao mago. Apuntouno severamente co seu índice.

—Moi ben, mago, terás o que pides. Nos xardíns da ReCasa hai un pequeno palacete que outrora pertenceu á miña defunta nai. Será teu cando me deas un herdeiro. En canto ao valoroso axudante... Ti! —sinalou o pequeno mensaxeiro—. Ti serás o seu axudante. Á fin e ao cabo, xa vos coñecedes, fixestes un longo camiño xuntos. Ben, mago, descansa un pouco. E logo, a traballar!